

OS REINOS XERMÁNICOS

Nos territorios do desaparecido imperio romano de Occidente, os pobos xermánicos formaron varios reinos. En **Italia** establecéronse os ostrogodos e os lombardos. Na Galia (**Francia**), os francos e os burgundios. En **España** (Hispania), os visigodos e os suevos. En **Inglaterra** (Britania), os anglos e os saxóns. E no **norte de África**, os vándalos.

A **forma de goberno** destes reinos foi a monarquía, na que os reis concentraban o poder político e militar.

A **economía** baseouse na agricultura, que se practicaba en latifundios, mentres que a artesanía e o comercio decaeron.

A **sociedade** estaba dirixida pola aristocracia laica e eclesiástica, dona dos latifundios. Baixo o seu dominio atopábanse os campesiños das súas propiedades.

A **cultura** e a **arte** decaeron. A cultura refuxiouse nos mosteiros e deixaron de construírse grandes obras arquitectónicas.

- Indica se as seguintes frases son verdadeiras (V) ou falsas (F).
 - Os reinos xermánicos asentáronse sobre o antigo Imperio romano de Oriente.
 - En Hispania asentáronse os suevos e os burgundios.
 - A economía dos reinos xermánicos era esencialmente agrícola.
 - Os mosteiros convertéronse nos principais depositarios da cultura.
 - As aristocracias laica e eclesiástica eran propietarias da maior parte das terras.
- Escrebe no mapa o nome dos reinos xermánicos mencionados no texto.



OS FRANCOS E O IMPERIO CAROLINXIO

Entre os reinos xermánicos destacou o dos francos, que alcanzou o seu esplendor entre os séculos VIII e IX.

O seu rei principal foi **Carlomagno** (768-814), que tratou de restablecer a unidade do antigo imperio romano de Occidente e foi proclamado emperador no ano 800. Non obstante, o seu sucesor, Luís o Piadoso, dividiu o imperio entre os seus fillos no 840.

O **goberno do imperio** estivo en mans do emperador, que concentrou o poder político e militar. Organizou o territorio en condados, dirixidos por un conde, e en marcas, dirixidas por un marqués.


A **economía** baseábase nas actividades agrarias, que se practicaban en extensos latifundios propiedade da aristocracia e da igrexa.

As actividades urbanas decaeron, xa que a artesanía se realizaba nos latifundios, e o comercio limitouse a artigos de luxo para os grupos sociais dominantes.

A **sociedade** estaba xerarquizada en tres grupos: os grandes propietarios da terra, laicos e eclesiásticos, que ocupaban os altos cargos da administración; as persoas libres, na súa maioría campesiños; e os servos, descendentes dos antigos escravos, que estaban ligados á terra.

A **cultura e a arte** alcanzaron grande esplendor no reinado de Carlomagno. O latín impúxose como lingua administrativa. A arquitectura levantou igrexas, mosteiros e palacios, destacando tamén a ourivería e as miniaturas.

1. Observa o mapa do imperio carolinxio e **completa** o cadro co nome dos **países actuais** polos que se extendía.



- 1
- 2
- 3
- 4
- 5
- 6
- 7
- 8
- 9
- 10
- 11
- 12
- 13
- 14

2. **Completa** os recadros en branco do seguinte esquema:

